

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 28 de maio de 2012, Xefatura Territorial de Ourense, pola que se resolve o concurso público de méritos entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir a dirección do centro residencial docente de Ourense.

Convocado o concurso público de méritos para adxudicar, en comisión de servizos, a dirección do centro residencial docente de Ourense, por Orde do 2 de novembro de 2011 (DOG nº 220, do 17 de novembro), e de conformidade co establecido no artigo 6 da citada orde,

DISPOÑO:

Primeiro. Adxudicar, de acordo coa proposta da comisión provincial de selección, tal e como dispón o artigo 6 da dita orde, o posto de director do centro residencial docente de Ourense a Bernardino Pérez Fernández, con DNI 34966078-Y.

Segundo. No uso das atribucións conferidas polo artigo 10 do Decreto 43/1989, do 8 de marzo, modificado parcialmente polo Decreto 52/2006, do 30 de marzo (DOG nº 64, do 31 de marzo), nomear director do centro residencial docente de Ourense a Bernardino Pérez Fernández, con DNI 34966078-Y.

Terceiro. O nomeamento referido no punto anterior terá efectos económicos e administrativos desde a data de toma de posesión, que deberá ter lugar no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto. Contra esta resolución, que non pon fin vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Ourense, 28 de maio de 2012

(Decreto 245/2009, do 30 de abril; DOG de 1 de mayo)
María Mercedes Gallego Esperanza
Xefa territorial de Ourense